ANTEPROXECTO DE LEI DE CREACIÓN DO COLEXIO PROFESIONAL DE DIETISTAS - NUTRICIONISTAS DE GALICIA

MEMORIA XUSTIFICATIVA

A creación dun colexio profesional ten como fins esenciais a ordenación do exercicio da profesión dentro do marco legal respectivo, a representación da mesma, a defensa dos intereses profesionais dos colexiados, e dos intereses de consumidores e usuarios polos servizos prestados.

De acordo co artigo 11 da Lei 11/2001, do 18 de setembro, de colexios profesionais da Comunidade Autónoma de Galicia, a creación de colexios profesionais farase por lei do Parlamento de Galicia, e segundo sinala no parágrafo terceiro unicamente poderá crearse un novo colexio profesional respecto daquelas profesións para o exercicio das que se esixa estar en posesión dun título académico oficial, e tamén respecto daquelas actividades profesionais nas que o seu exercicio estea condicionado á posesión dun título oficial que acredite a cualificación e habilite legalmente para o seu exercicio.

A creación dun colexio profesional soamente é constitucionalmente lícita cando este xustificada pola necesidade de servir un interese público en relación coas profesións tituladas. Esta esixencia reflíctese tamén na nosa Lei 11/2001, de 18 de setembro, de colexios profesionais da Comunidade Autónoma de Galicia, cando establece como requisito que condiciona a creación do colexio profesional á apreciación por parte do Goberno autonómico do interese público concorrente na creación do colexio.

A solicitude de creación do colexio profesional foi presentada ante a Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, pola Asociación Galega de Dietistas-Nutricionistas, xunto con certificado do acordo da solicitude aprobado en Asemblea Xeral pola maioría dos profesionais asociados, así como memoria xustificativa dos motivos de creación do colexio.

A profesión de dietista-nutricionista como profesión titulada foi regulada por Decreto433/1998, de 20 de marzo, polo que se establece o título universitario de Diplomado en Nutrición Humana e Dietética, e aprobado pola Orde

CIN/730/2009, de 18 de marzo, que establece os requisitos para a verificación de títulos universitarios que habiliten para o exercicio da profesión.

A Lei 44/2003, de 21 de novembro, de ordenación das profesións sanitarias, inclúe a profesión de dietista-nutricionista, para cuxo exercicio habilita o título de Diplomado en Nutrición Humana e Dietética, entre as profesións sanitarias. A mesma Lei no artigo 7.2.g) establece como funcións destes profesionais, o desenvolvemento de actividades orientadas á alimentación da persoa ou de grupos de persoas, adecuadas ás necesidades fisiolóxicas, e, no seu caso, patolóxicas das mesmas, e de acordo cos principios de prevención e saúde pública.

O exercicio das profesións sanitarias teñen íntima conexión co dereito á protección da saúde, co dereito á vida e a integridade física, co dereito a intimidade persoal e familiar, co dereito á dignidade humana e co dereito ó libre desenvolvemento da personalidade.

O dietista-nutricionista como profesional sanitario experto en alimentación, nutrición e dietética, ten capacidade para intervir na alimentación saudable e na prevención de enfermidades a través dos seguintes ámbitos de actuación: a nutrición na saúde e na enfermidade, o consello dietético, a investigación e a docencia, a saúde pública, así como nas empresas do sector da alimentación, creando hábitos saudables con repercusións tanto a nivel individual como colectivo e social, actuacións estas que acreditan e xustifican o interese público para a creación do colexio.

Coa creación do colexio profesional de dietistas-nutricionistas garantese que o exercicio da profesión se axuste ás normas e regras que aseguren tanto a eficacia como a eventual responsabilidade en tal exercicio, e polo tanto queda así garantida a derradeira finalidade que é a protección dos dereitos dos cidadáns.

Outras Comunidades Autónomas como Navarra ((Lei Foral 6/2004 de 9 de xuño), Illas Baleares (Lei 4/2007, de 28 de marzo), Valencia (Lei 5/2009, de 30 de xuño), e Pais Vasco (Lei 14/2009, de 12 de decembro) crearon colexios Profesionais de Dietistas-Nutricionistas, no seu ámbito territorial.

Para exercer a profesión de dietista-nutricionista é necesario estar en posesión do título oficial de Diplomado ou Graduado en Nutrición Humana e Dietética,

obtido de conformidade co disposto no Real Decreto 443/1998, de 20 de marzo, ou título estranxeiro equivalente debidamente homologado.

Respecto ó ámbito territorial do colexio que se propón abarca á comunidade autónoma galega, polo que se adapta á esixencia da Lei 11/2001, do 18 de setembro.

O obxecto desta disposición xeral non supón ningún custo económico para a Administración.

Por todo o exposto, dado que se xustifica un interese público, e se reunen todos os requisitos necesarios para a constitución dun colexio profesional, considérase oportuna e necesaria a creación do Colexio Oficial de Dietistas-Nutricionistas de Galicia.

Santiago de Compostela, 2 de febreiro de 2012

A Secretaria Xeral Técnica

Beatriz Cuiña Barja